

Nadando nas letras





A galiña azul, Carlos Casares. Pequeno libro de varios contos relacionados cunha personaxe. É moito máis que un libro para nenos e nenas, é unha pequena xoia da literatura galega. Se o ledes dende unha mirada adolescente ou adulta atoparedes máis significados dos que atopáchedes na vosa primeira lectura infantil.

A lagoa das nenas mudas, Fina Casalderrey.

E se un día descubrises que vives nun lugar, que non coñecías, onde todos e todas son moi parecidos a ti? Un pouco de misterio da man dunha gran escritora galega.



A expedición do Pacífico, Marilar Aleixandre. Unha viaxe no século XIX cara países exóticos, que supón tamén unha viaxe interior, de madurez persoal. A aventura, o descubrimento de novas culturas e formas de vida fai deste libro unha lectura amena e refrescante.

La ciudad de las bestias, Isabel Allende.


Nunca unha viaxe cunha avoa fora tan emocionante e inesperado. Un mundo novo por descubrir e mil aventuras nun lugar onde se mesturan realidade, lenda e soño. Unhas vacacións cunha avoa nada convencional, que lle descubrirá ao seu neto todo un mundo descoñecido.



Finis Mundi, Laura Gallego García.

Unha historia co peregrinación de fondo, na Baixa Idade Media, onde predomina o misterio. Ademais é unha oportunidade única para pensar en facer o camiño en familia este verán, ou se non se pode, facer un virtual polos espazos da novela.

Da Terra á Lúa, Jules Verne. Unha viaxe imaxinaria, un sono universal, algo de misterio, un pouco de científico e moito de anticipación da realidade. Todo un clásico deste escritor francés universal.



A Illa do tesouro, R. L. Stevenson.

As aventuras de piratas do século XVIII son moito máis que unha lectura de diversión. Volve reler este clásico cheo de bucaneiros, tesouros, unha illa, que non falte, e un mapa.



A merla de trapo, Antón Cortizas. O merlo sempre foi un paxaro vencellado á nosa cultura e á literatura, e aquí é un gran protagonista, pero é un merlo, ou merla, especial. Un libro máxico.

A casa da luz, Xabier P. Docampo.

A curiosidade dunha rapaza por unha persoa estraña que ve a cotío, pero resulta que detrás da súa aparencia hai outra realidade e un mundo moi distinto.



Os Megatoxos e o dragón de xade, Anxo Fariña. Un libro de catro compañeiros que contestan ao nome de Megatoxos, que os levará a terras de Xapón e á cultura Ninja. Un libro que sempre gusta, doado de ler, cheo de aventuras e emocións.

Recendos de aire sonoro, Antonio García Teijeiro.


Un libro de poemas curtos e sinxelos que coas súas repeticións e as súas palabras sonoras e sensoriais, fan unha lectura amable. Música é poesía, compás, ritmo, son e verso sempre van da man.



Hipatia la maestra, Florenci Salesas.

Que as matemáticas son un xogo, e os números unha verdade científica son as bases da historia desta famosa matemática. Todo na vida cotiá e nas relacións persoais son números. Un bo divertimento para unha tarde de verán.

A vida do Padre Sarmiento, Carlos Casares. Sendo o ano de Casares e sendo veciños de Cerdedo non podemos deixar de ler unha biografía amena dun dos nosos galegos máis universais.



Guía dos Castelos medievais de Galicia, Editorial Xerais.

A época medieval segue a fascinar a todos e todas as novas xeracións, neste libro inclúense os castelos máis emblemáticos así como as torres medievais máis coñecidas. Todo un luxo dos nosos verdes prados. Aproveita os seus coñecementos para mirar con outra ollada as numerosas festas medievais das nosas cidades e vilas.

Inventario das aves, Virginie Aladjidi e Emmanuelle Tchoukriel. O cuco, a bubela, a cegoña a grúa, o peto,... toda unha listaxe de paxaros que percorren o noso ceo ou os nosos ríos. Un fermoso libro para redescubrir os da nosa contorna nas vacacións de verán.



Guía das plantas de Galicia, Xosé Ramón García.

Nesta guía atopanse numerosas curiosidades científicas das herbas, árbores, arbustos e plantas da nosa paisaxe: biduiros, a herba das andoriñas, queirugas,... Algunhas son as típicas de San Xoan.

